

ACTIVIDADES PARA A SEMANA DO 18-22 DE MAIO

RUTINAS DIARIAS:

- Traballar a data: día da semana, número de día, mes do ano e o número do ano. Cancións en youtube: **Canción los días de la semana, Los meses del año.**
- Estación do ano: Canción en youtube: **La primavera ya llegó - Rock infantil.**
- Tempo que vai. Podemos recitar a poesía: **Ventá da clase, dime que día vai hoxe? Dime se o sol saíu ou a nube o tapou, se a choiva cae, cae, o vento sopra hoxe. Ventá dime xa, que día vai hoxe?**
- Sería importante que escribieran tamén a data.

**ESTA SEMANA ÍMONOS MERGULLAR NAS PROFUNDIDADES DO MAR.
VAI SER UNHA VIAXE CHEA DE AVENTURAS, E ÁS VECES VAI
COSTAR UN POUQUIÑO!!**

**TODOS SABEMOS QUE AS AVENTURAS NUNCA SON FÁCILES, PERO
ESFORZÁNDOTE UN POUCO, E COA AXUDA DA TÚA FAMILIA
CONSEGUIRALO, XA O VERÁS.**

**VEÑA...COLLE O TEU BARCO, E O TEU TRAXE DE BUZO E IMOS ALÁ.
¡¿ATRÉVESTE?!**



¡¡ALÁ IMOS!!

UN MOMENTO...ESTÁS DICINDO QUE NON TES BARCO??

ISTO HAI QUE SOLUCIONALO XA!!

LUNS 18: MANUALIDADE BARCO

Antes de comezar a nosa viaxe temos que ter todo o necesario, así que hoxe ímolo dedicar a construír o noso barco.


¡Mirade qué idea tan chula!:



Por suposto pode ser esta manualidade ou calquera outra que queirades facer libremente co que teñades na casa.

MARTES 19: CONTO "NADARÍN"

Hoxe, na nosa viaxe, imos coñecer a un amigo moi especial, mira este conto con atención:




Despois de ver este conto fai a **ficha de lectura**, podes facela oral, imprimila ou elaborar unha ficha similar (ANEXO I).

Seguramente necesites a axuda dun adulto para que che lea a ficha e ti poidas contestar ás preguntas, pero se entendiches o conto vai ser moi fácil ¡ÁNIMO!!

MÉRCORES 20: COÑECEMENTO DO CONTORNO

A ver se recordas os nomes dos amigos que fixeron feliz a Nadarín despois de quedarse soíño.

Podes imprimir a ficha (ANEXO II) ou podes escribir os nomes nun papel, e despois relacionar as imaxes a través dos números de cores mirando a ficha:



E agora se queres coñecer máis sobre o fondo mariño e divertirte cantando, aquí che deixo algúns vídeos para que escollas:

Vídeos sobre animais mariños	
	
Cancións e poesías	
	<p>Poesía</p> <p>El colegio</p> <p>Hay un colegio en el fondo del mar y allí los "bonitos" bajan a estudiar. El que más escribe es el calamar y el que menos sabe no sabe la "a".</p> <p>Gloria Fuertes (Fragmento)</p> 

Por suposto tamén podes ti buscar en internet aqueles vídeos que máis che interesen.

XOVES 21: LÓXICO-MATEMÁTICA/ EDUCACIÓN EMOCIONAL

¿E con todo o que aprendiches cres que serás capaz de debuxar o fondo do mar?

Pero antes un repasiño: Estas son as cinco formas traballadas ata o de agora, e con estas **poesías** poderedes recordalas e divertirvos ao mesmo tempo.



O rombo é a forma que nos queda por traballar, e hoxe propóñovos unha ficha sobre el (ANEXO III). **¡Moi atentos ás instrucións!!**: Debuxa os peixes e decora a ficha libremente coma se fora o fondo do mar (podes pintar, pegar papeis de cores, plastilina...)

Cando a remates móstralla a alguén da familia a ver se atopa aos peixes alegres, ou tristes, enfadados ou con medo. Tamén poderedes **compartir fotos** da ficha no grupo para que poidades ver os traballos dos outros e buscar neles as emocións.

É moi importante que aprendamos a identificar as emocións nos demais, para acomodar o noso comportamento: saber cando temos que parar unha broma que non gusta ou dá medo, cando podemos seguir porque o estamos pasando ben, cando temos que consolar a alguén que está triste...

VENRES 21: IOGA

Estamos chegando ao final desta aventura, pero aínda nos queda un último esforzo... ¡¡creo que se vai haber treboada!!

Preme na imaxe para saber qué vai pasar:



**¡BEN NENOS E NENAS, ESTA VIAXE REMATOU,
¡ESPERO QUE VOS GUSTARA MOITO!
VÉMONOS A PRÓXIMA SEMANA.
¡DISFRUTADE ESTE MEREcido DESCANSO!**

FICHA DE LECTURA



TÍTULO.....

AUTOR.....

1.-GUSTOU CHE O CONTO?



2.-CONTESTA **V** (*verdadeiro*) ou **F** (*falso*):







- Nadarín é da **mesma cor** ca os seus compañeiros
- Aos peixes comeunos un gran **tiburón**
- Nadarín atopou **moitos amigos** no fondo do mar
- Nadarín aprendeulles aos peixes a nadar **xuntos**

3.-COMPLETA ESTA FRASE CO QUE APRENDICHES NO CONTO:

Estando xuntos somos máis







4.- DEBUXA O QUE MÁIS CHE GUSTOU DO CONTO:

PONLE NOME A CADA ELEMENTO DO CONTO, DESPOIS UNE CADA DEBUXO COA SUXA IMAXE REAL

1	2	3	4	5	6
					

NOME:

--	--	--	--	--	--

					
1	2	3	4	5	6

ANEXO III

CONVIRTE CADA ROMBO NUN PEIXE DIFERENTE DE XEITO QUE HAXA ALGÚN PEIXE QUE:

Algún peixe alegre 😊 Algún peixe triste 😞 Algún peixe furioso 😡 Algún peixe asustado 😱

(Ten en conta que os peixes nadan en todas as direccións: cara a esquerda ou dereita, cara arriba ou cara abaixo)

